



Código do documento	Código do expediente
USG17I00Y8	UPO/2023/17
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3U0S 2H0Q 2H3K 471J 0D28	

SEDE ELECTRÓNICA

Procédese á publicación, en versión anonimizada, do clausulado do convenio aprobado por resolución da Alcaldía número 61, de data 20 de xaneiro de 2023, e asinado polo Sr. alcalde en data seis de febreiro de 2023:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CULLEREDO EN MATERIA DE PERSONAL

(.../...)

CLAUSULAS:

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación.

O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Pontedeume, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver os traballos descritos no servizo de persoal e organización do Concello de Culleredo en relación a tarefas de xestión de persoal, de xeito temporal e entre tanto non se complete a plantilla de persoal nas tarefas mencionadas.

A duración da colaboración será de 6 meses prorrogables por mutuo acordo.

2ª.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

Serán as descritas en apartados anteriores; colaboración nos traballos de tramitación dos expedientes referidos en materia de persoal, resolvendo dúbidas que se plantexen polo persoal do Concello de Culleredo, formando ao persoal na materia e axudando xestionar o módulo da aplicación de xestión de persoal referida a "xestión de nóminas e seguridade social".

3ª.- Forma de colaboración de las partes

O traballador do Concello de Pontedeume desenvolverá as funcións descritas mediante o sistema de teletraballo, supervisando os expedientes electrónicos, e asesorando telefónicamente, traballando sempre en colaboración do persoal do Concello de Culleredo, e fora da súa xornada de traballo.

O Concello de Culleredo transferirá mensualmente ao Concello de Pontedeume os importes que deriven do seguinte cálculo:

Nº de horas de traballo realizadas mensualmente (60 máximas mensuais) *custe hora gratificación según Acordo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal funcionario do Concello de Pontedeume, 45,49 € máis o importe que derive dos custos sociais para o empregador (24,402%) (Concello de Pontedeume) polo



Código do documento	Código do expediente
USG17I00Y8	UPO/2023/17
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3U0S 2H0Q 2H3K 471J 0D28	

C.I.F. P-1503100-H

incremento das retribucións do traballador neste concepto retributivo de carácter variable.

A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, o empregado do Concello de Pontedeume, presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado pola Concelleira de seguridade cidadá e persoal do Concello de Culleredo xunto co dos/as empregados/as do Concello de Culleredo cos que colabore, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.

O Concello de Pontedeume abonará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Culleredo, na nómina da traballadora ao final de cada mes.

Establécese un máximo de horas a realizar de 60 horas mensuais.

O Concello de Culleredo imputará o gasto que deriva na aplicación orzamentaria 920 462 00.

4ª.- Designación do funcionario do Concello de Pontedeume a quen se lle encomenda a realización das ditas tarefas e que acepta voluntariamente a realización das mesmas:

- N.P.S., Xefe de xestión de Persoal e Recadación.

Adxúntase declaración de conformidade a sinatura do seguinte convenio e compromiso de confidencialidade coa información que poida manexar no desenvolvemento das tarefas referidas aos efectos de dar cumprimento a protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, que se establecen na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, dacordo coas instrucións e medios que facilite o responsable da protección de datos no concello.

5ª.- Cuestións litixiosas. O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

6ª.- Vixencia do Convenio. O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e ata que dure a situación de necesidade descrita pola cobertura da praza do posto de técnico de xestión, porque remate o número de horas máximas que se establece na cláusula terceira do convenio, ou remate o exercicio. De todos os xeitos, en calquer momento anterior, as partes poden extinguir o dito convenio, previa comunicación a outra parte con unha antelación de 5 días, polos seguintes motivos;

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Culleredo acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos.



Código do documento	Código do expediente
USG17I00Y8	UPO/2023/17
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
3U0S 2H0Q 2H3K 471J 0D28	

- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos ao Concello de Culleredo.
- Si o Concello de Pontedeume, estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía e persoal do Concello de Culleredo ao que preste colaboración, procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

7ª- Modificación do convenio e mecanismos de seguimento e vixiancia do Convenio.

Dada a clara determinación do seu obxecto, non se prevén outros mecanismos de seguimento e vixiancia, máis alá do control polos responsables dos departamentos implicados en ambos concellos.

Calquera modificación do convenio que afecte a forma de colaboración entre as partes, que determine unha variación do gasto, duración ou das funcións a realizar conlevará a sinatura dunha addenda ao mesmo, previa tramitación de expediente idéntico ao de aprobación do convenio inicial.

(.../...)"

C.I.F. P-1503100-H

Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde do Concello de Culleredo don José Ramón Rioboo Castro

RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
16/02/2023 13:56